

Recursos Humanos  
Expediente 41100.220

CONCELLERÍA DE XESTIÓN  
MUNICIPAL E PERSOAL

CONCELLO DE  
VIGO



**PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DA ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE) DA OPE 2017-2018-2019 3ª FASE..**

**ANUNCIO**

Reunido o órgano de selección o 11/10/2023, acordouse o seguinte:

**ALEGACIONES:** Reclamación formulada por Da Martínez Perez, A, o 5/10/2023, a pregunta nº 28 e a de reserva 2 do 1º Exercicio test da fase de oposición: En relación a pregunta nº 28, o tribunal desestima dita alegación ó considerar que dacordo coa atribución de competencias establecida no Titulo VIII da Constitución, corresponde esta as Comunidadesa Autónomas, segundo o sinalado no art. 148.1.2ª da Constitución. En relación a pregunta de reserva 2, o tribunal observa un erro no número da pregunta reclamada, xa que polo seu enunciado non corresponde coa de reserva 2 si non coa de reserva 4. Non obstante, acordase inadmitir dita reclamación, non entrando na sua valoración, ó tratarse dunha pregunta de reserva que, neste caso, non foi obxecto de corrección polo que non contou para o cálculo da nota do exercicio.

Reclamación de D. Escariz Covelo, A, o 6/10/2023, á sua exclusión do 1º Exercicio test da fase de oposición: Acordase, por unanimidade, desestimar dita reclamacion, ó considerar o tribunal qque non lle corresponde entrar a valorar elementos subxectivos tales como cales foron as posibles motivacións ou intencións do opositor. Trátase dun elemento obxectivo tal e como o é o cumprimento dunha condición ou norma que, aínda que non se recolle expresamente nas bases específicas, (igual que tampouco se recolle a prohibición de poder falar co resto dos aspirantes durante a realización da proba, ou consultar manuais, lexislación ou apuntes), tal e como recoñece o alegante é algo público e notorio, ademais de lóxico en calquera exame ou proba, e máis se cabe no contexto dun proceso selectivo de concurrencia competitiva, e ademais foi unha das indicacións expresadas a viva voz polo Presidente do órgano de selección inmediatamente antes de comezar o exercicio, onde se lembraron unha serie de condicións a todos os aspirantes e que debían de cumprir á hora de realizar a proba prevista. As normas do proceso vinculan tanto aos aspirantes como aos membros do órgano de selección. Calquera exención ou dispensa particular no seu cumprimento, afectaría ao dereito de igualdade de acceso á función pública do resto dos aspirantes, así como á necesidade do respecto aos principios de mérito e capacidade, recoñecidos todos eles nos artigos 14, 23.2 e 103.3 da Constitución española.

**SEGUNDO EXERCICIO:** Convócase ós aspirantes que superaron o 1º exercicio (Test) o vindeiro día **23 de OUTUBRO do 2023, as 9:00 horas, na Sala de Formación da Policía Local sita no andar -1 do Concello de Vigo,** para a realización do **2º EXERCICIO** deste proceso selectivo, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en desenvolver por escrito, durante un periodo máximo de dúas horas, 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran nas bases específicas. Un destes temas corresponderá a Primeira parte: dereito político e constitucional e os outros 3 a Segunda parte: Dereito administrativo e Terceira parte: Administración local" do Programa Específico.

**INFORMACIÓN:** Para a realización do **sorteo dos tres temas correspondentes a segunda e terceira parte** do programa, toda vez que existe unha coincidencia na numeración dos temas de cada parte ( a segunda parte numérase do 1 ó 15, e a terceira do 1 ó 18) procederase, ós únicos efectos de levar a cabo dito sorteo, a renumerar a parte terceira seguindo coa numeración da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2023 10:06	Páxina 1 de 2
41100-220	CSV: A1AA3C-2FD6AF-3H26CF-FSDCX9-YRVDSZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

segunda parte, é dicir, sendo o último tema da segunda parte o número 15, corresponderalle ó primeiro tema da parte terceira o número 16, e así sucesivamente renumeranse o resto de temas desa terceira parte ata o derradeiro (tema 18) que será o número 33 a efectos do sorteo.

O que publicase, con carácter previo á realización do exercicio, para xeral coñecemento dos aspirantes, e sen perxucio de que ó inicio deste poidan aclararse as dúbidas que o respecto sexan plantexadas.”

Os aspirantes compareceran provistos de DNI e bolígrafo.

En Vigo, na data da sinatura dixital

O Secretario do órgano de selección, Luis Rodriguez-Cadarso de la Peña,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2023 10:06	Páxina 2 de 2
41100-220	CSV: A1AA3C-2FD6AF-3H26CF-FSDCX9-YRVDSZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		